

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2021 12:06:17


SAIDA 3395/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 126/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 20 de novembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. O Consejo de Transparencia y Buen Gobierno remitiu escrito presentado por  de data 23 de outubro de 2020, que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de novembro de 2020, de reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación da súa solicitude de acceso á información ante Entidade Local Menor de Bembrive, de obtención de copias de escritos presentados por outro cidadán do mesmo ámbito territorial.

O reclamante indica que se lle denegou a súa solicitude porque o terceiro presentou alegacións. Afirma o reclamante que iniciado os trámites en distintos Xulgados de Instrución, e require documentación á Entidade Local, esta contesta que non existen, e sen embargo, este terceiro achégaos noutros procedementos.

O reclamante solicita os escritos presentados por unha terceira persoa á Entidade Local que forman parte dun procedemento que di que se atopa arquivado polo Xulgado de Instrución número 5 de Vigo.

Por parte da Entidade Local denegóuselle o acceso á información en base ao disposto no artigo 14.1. f da Lei 19/2013, do 9 de decembro. O reclamante considera que este feito non se corresponde á realidade xa que se trata dun procedemento arquivado en primeira e segunda instancia.

Segundo. Con data do 5 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Entidade Local Menor de Bembrive para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de xaneiro de 2021.

Terceiro. Con data do 22 de xaneiro de 2021 a Entidade Local Menor de Bembrive contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, faise constar que ante a solicitude do [REDACTED] concedeuse aos terceiros un prazo de 15 días para efectuar alegacións, ao considerar que a información solicitada puidera afectar a dereitos ou intereses de terceiros. Os terceiros presentaron escritos de oposición fundamentándoos, entre outros motivos, na vulneración aos límites previstos no artigo 14.1 e) e f) da Lei de Transparencia, ao supoñer un prexuízo á prevención, investigación e sanción de ilícitos penais ou administrativos e á igualdade de partes nos procesos xurisdicionais e a tutela xudicial efectiva.

Informa que a Entidade Local Menor de Bembrive ten constancia de varios litixios na orde xurisdiccional penal que se seguen en distintos Xulgados de Instrución de Vigo (Pontevedra), e nos que as partes nesta solicitude de acceso á información figuran como investigado ou acusado e denunciante/querelante. Algúns deles atópanse en fase de instrución (DPPA 1874/2017 no Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo ou DPPA 0210/2020 no Xulgado de Instrución nº 8 de Vigo) mentres que outros xa están listos para a celebración da vista de xuízo oral na Audiencia Provincial nº 5 de Pontevedra, pola comisión de delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos.

Adicionalmente, a secretaría ten coñecemento das investigacións que actualmente está a levar a cabo a unidade do Corpo de Policía Nacional, Brigada Local de Policía Xudicial (UDEF) por mandato do Xulgado de Instrución 8 de Vigo, en relación con varias obras executadas que se contrataron por polo reclamante na súa condición de [REDACTED]

A estes efectos, cabe sinalar que O ██████████ presentou numerosos escritos no rexistro desta Entidade nos que informa sobre estas circunstancias, aportando diversa documentación que se atopa en varios Xulgados de Instrución nos procedementos onde o reclamante figura como acusado e diversos documentos que se atopan nos Xulgados de Instrución que foron remitidos a través dos Xulgados da orde Contencioso-Administrativo.

Por estes motivos, ditouse resolución o 16 de outubro de 2020 na que se denega a ██████████ a expedición de copias das solicitudes presentadas por ██████████ que foi notificada aos interesados o 19 e 21 de outubro de 2020, ao considerar que se vulneraría o dereito anteriormente citado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que, segundo consta no expediente remitido, ao interesado se lle notificou a resolución con data do 21 de outubro de 2020 e a reclamación, datada polo interesado o 23 de outubro de 2020, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo remitida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno con data do 20 de novembro de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

En materia de acceso á información pública a regra xeral é a de permitir o mesmo, mentres que a aplicación dos límites debe entenderse de forma restritiva e procede unicamente nos casos nos que a concesión da información supoña un prexuízo claro e concreto superior ao interese do seu acceso.

Tal e como xa afirmou a xurisprudencia, os límites de acceso á información enumerados no artigo 14 e) e f), como a que neste caso nos ocupa, non están definidos, senón que constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito, como a norma indica. Por tanto para a aplicación deste límite, débese demostrar que o acceso á información solicitada supón un prexuízo para a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios e a igualdade das partes nos procesos xudiciais.

Tanto as normas xurídicas aplicables, a xurisprudencia e a doutrina non ofrecen dúbida de que á hora de limitar o dereito de acceso a información pública, o relevante é a xustificación que realiza a administración, que debe estar baseada nunha ponderación de intereses -o interese no acceso e o interese concreto que se protexe co límite- aplicada ao suposto concreto que se axuíza.

É necesario interpretar de maneira restritiva os límites do artigo 14 da Lei 19/2013. O límite ten como obxectivo o de asegurar a investigación e persecución de ilícitos penais ou administrativos, límite que pode invocarse cando se trate de evitar que o acceso á información poida ser prexudicial ás investigacións, conducir á destrución de probas ou a subtracción dos delinquentes da acción da xustiza. Este é, en definitiva, o ben xurídico protexido polo límite previsto no artigo 14.1.e) da Lei 19/2013: asegurar o bo fin de todos os actos de investigación que se poden chegar a realizar na fase de instrución dun procedemento penal, administrativo ou disciplinario, que ten sentido mentres os procedementos de investigación ou sanción están abertos, xa que a difusión da información que os integra podería influír na súa resolución e

mesmo ou facilitar que os investigados ou os presuntos infractores puidesen eludir as súas responsabilidades.

A Entidade Local Menor de Bembrive fai constar no seu informe que na fase de alegacións aberta na tramitación do expediente de acceso, os terceiros interesados presentaron escritos de oposición fundamentándoos, entre outros motivos, na vulneración aos límites previstos no artigo 14.1 e) e f) da Lei de Transparencia, ao supoñer un prexuízo á prevención, investigación e sanción de ilícitos penais ou administrativos e á igualdade de partes nos procesos xurisdiccionais e a tutela xudicial efectiva.

A entidade ten constancia de varios litixios na orde xurisdiccional penal que se seguen en distintos Xulgados de Instrución de Vigo, (dos que indica o número de procedemento, xulgado ante o que se substancian e fase procedimental na que se atopan) e nos que as partes figuran como investigado ou acusado e denunciante/querelante, e os escritos solicitados son escritos nos que o terceiro informa destas circunstancias e aporta documentación sobre as mesmas, documentación que figura nos referidos procedementos xudiciais. Así mesmo, ten coñecemento das investigacións que na actualidade se están a levar a cabo pola Policía Xudicial por mandato do Xulgado de Instrución, en relación con varias obras executadas que se contrataron por polo reclamante na súa condición de Alcalde-Pedáneo.

Trátase por tanto de documentación que nestes momentos forman parte dun procedemento xudicial, e de procesos de investigación por parte da Policía Xudicial, e nos que o seu coñecemento pode afectar á posición das partes no procedemento e nas investigacións que se están a levar a cabo pola Policía, polo que procede a aplicación do límites establecidos no artigo 14.1 e) e f) da Lei 19/2013, e das que corresponde ao Xulgado ou Tribunal competente, determinar se poden ser coñecidas ou non polas partes no litixio e na investigación policial, e de ser o caso, do momento no que deben ser postas de manifesto aos mesmos.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


ACORDA


Única : Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación da súa solicitude de acceso á información ante Entidade Local Menor de Bembrive, de obtención de copias de escritos presentados por outro cidadán do mesmo ámbito territorial.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-



 (+34) 981 56 97 40

 Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

 info@comisiondatransparencia.gal

 www.comisiondatransparencia.gal

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.02.24 11:38:29 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.